


CINE E MÚSICA



IES A PONTEPEDRIÑA


R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA ESPECIAL NADAL 2015



*Agasalla libros
polo Nadal*



Memorias dun neno labrego.

Xosé Neira Vilas.



"Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Como quen dis, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña". Eis un dos inicios máis lembrados da literatura galega por xeracións e xeracións de lectores. Con nace a literatura infantil en galego e o primeiro achegamento á lingua escrita de miles e miles de persoas.

Miña querida Sherezade

Andra Maceiras.

Premio MEIGA MOIRA 2014

Ser un libro é marabilloso. Agás cando chega a vellez. Entón decátaste de que estás feito un farrapo. Os personaxes que viven dentro de ti danche as costas porque non podes ofrecerlle a vida que eles queren. Caes enfermo.




ASTÉRIX. O PAPIO DO CÉSAR

Dous anos despois do éxito de Astérix e os pictos, os personaxes creados por René Goscinny e Albert Uderzo regresan nun novo álbum escrito por Jean-Yves Ferri e debuxado por Didier Conrad. Un novo e vil personaxe aparece en O papiro do César: Promoplús.

Cartas a Lelo.

Xosé Neira Vilas.

Lelo é o grande amigo de Balbino, ese cativo que, dalgunha maneira, somos todos e todas os que medramos, na aldea ou non, abeirados á historia de Neira Vilas. A obra revisa, dende a ficción, pero dunha maneira absolutamente recoñecida por calquera galego ou galega, a historia íntima da emigración contada, neste caso, dende os ollos dos cativos.



Europa Express.

Andrea Maceiras.

Aroa, Xacobe, Nico, Beatriz, Óscar, Piero e Mía deciden viaxar xuntos por Europa en Interrail ao rematar o Bacharelato. Descubrirán a vida en liberdade e a complexidade das relacións persoais, marcadas polo carácter de Xacobe. Dez anos despois da viaxe, Nico atopará en Berguen, unha postal que lle revelará certa información que provoca nel un cuestionamento da súa vida actual e a necesidade de resolver as dúbidas sobre a traxedia que os envolveu ao seu regreso da viaxe.



Beowulf.

Santiago García. David Rubín.

Beowulf é a culminación dun proxecto nacido hai máis dunha década na cabeza do polifacético **Santiago García**. Este guionista, teórico e tradutor leva *obsesionado* dende pequeno co, antiqusimo poema épico anglosaxón que agora revisita da man de **David Rubín** nun espectacular álbum que non deixa indiferente a ninguén.



Romaría de Historias.

Xosé Neira Vilas.


Alguén dixo que todos somos, ou fomos, da aldea. Que temos residido nela, ou nela están os nosos ancestros. Nas nosas vilas e cidades queda moito do mundo rural. Algúns volven a el de escapada, ou nas vacacións, e ademais sempre levan no subconsciente algún tóponimo, o nome dunha leira, ou dun avó, unha festa, unha comida...



A boca da terra.

Manuel Rivas.

A boca da terra é unha poesía de natureza insurxente. Porque aquí a natureza fala, murmura, berra ou xura con ironía no eco das campás. Tamén se agocha nas ruínas e aluca, sentinela, o pasar dos camiños. Lembra e soña: corren por estes eidos cabalos de cores insubmisas, a liña do horizonte está á espreita dun temporal de bolboretas.



Interferencias. Manuel Seixas

María, traballa como fisioterapeuta nun centro de persoas maiores. Preparada para rehabilitar outros corpos, cansos e mallados, esgotados polo paso do tempo, ela permanece soa, tamén por dentro. Xosé, profesor nun IES, tamén só, leva un tempo agardando, mentres agoniza cada tarde de xaneiro. Interferencias é a historia de dous seres humanos que atravesan os camiños da vida como poden, persoas illadas, que se mergullan entre insospeitadas interferencias.

